

ALVARO DE LAS CASAS

VERBAS AOS MOZOS GALEGOS

O MOMENTO UNIVERSITARIO

CONFRENCIA DITA NO PARANINFO
DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁN
O 9 DE MARZAL DO 1933

*Na lembranza dos nosos mortos
Viqueira, Lousada Diéguez e Portei-
ro Garea, os tres mestres inesqueci-
bles que, no meu tempo, foron os
primeiros en acender nas aulas a
lume sagra da galeguidade.*

Editan:

Fundación Premios da Crítica Galicia
Asociación Álvaro das Casas

Maquetación:

Pío García Audiovisuais

Imprime:

Litonor

Patrocinan:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Política Lingüística
Deputación Provincial de Ourense

Álvaro das Casas naceu en Ourense o día 2 de xullo de 1901 e morreu o 8 de marzo de 1950. Tiña, xa que logo, cincuenta anos. A súa biografía é densa e poliédrica. Segundo a súa biógrafa, a profesora Dolores Arxóns Álvarez, foi unha das máis relevantes figuras desa xeración prodixiosa que logrou levar Galicia nos anos trinta do século XX a cotas de concienciación e dignificación nunca antes alcanzadas.

A Fundación Premios da Crítica Galicia da man da hai pouco creada “Asociación Álvaro das Casas” quere rescata-las achegas teóricas e obras dun dos intelectuais máis senlleiros do nacionalismo galego do primeiro tercio do século XX. Varios son os autores contemporáneos que se teñen preocupado pola acción galeguizadora deste autor esquecido. “A dignidade antiga –di Otero Pedrayo no “Libro dos amigos”- e as lembranzas podentes tiveron en Álvaro un afervoadado espallador”

Como profesor –di Dolores Arxóns Álvarez- practicou unha pedagogía innovadora para a época, conseguindo que o alumnado se sentise protagonista absoluto da aprendizaxe, que se realizaba en moitas ocasións “in situ”, lonxe da rutina acartonada das aulas. Froito desta súa inqueda foi a creación dos grupos “Ultreya” que el concebú e dirixíu. Dese movemento xurdiron centos de persoas que co paso do tempo ían continuar posteriormente a acción galeguizadora emprendida pola Xeración Nós.

No 1933 Álvaro das Casas pronunciou no Paraninfo da Universidade compostelá un emotivo e clarificador discurso dirixido ós universitarios galegos. Publicamos agora o texto desta conferencia pronunciada o 9 de marzo daquel ano. Nela Álvaro das Casas fai un chamamento á mocidade do seu tempo para que asuma sen ambigüidades a defensa da galegüidade: “A nosa mocidade ten de porse na emozón dos ourizontes patrios... para a gran tarefa de restaurar a Galiza doutroa, soberán dos seus destíños, xogando na órbita de tódolos pobos, luceiro con luz propia na constelación de tódalas patrias...”

Xosé González Martínez
Presidente Fundación Premios da Crítica de Galicia

Avelino Muleiro García
Presidente Asociación Álvaro das Casas

AGRADEZO afervoadamente as verbas amabres con que me apresenta o meu bó amigo Francisco F. del Riego. Dígovos que quixera ser eso que ele dí e moito máis; quixera ser oxe o máis outo prestixio da Terra pra que as miñas verbas poidesen ter a maor trascendencia, pra pôr agora a máis decisiva responsabilidade na invitazón que vou a faguervos.

Son o primeiro en decatarme do que é unha Universidade en canto a eispresión dos máis puros valôres mentais dun pobo, da función reitora que lle compre no intre solemne de erguer a un país e perfilar a sua concencia nazonal, da nobre tarefa que a Historia lle asiña na revisión e consagración de labours. En todol-os países, na historia de todol-os pobos, na restauración de total-as nazonalidás, na formación de total-as culturas, esto foi a Universidade. Dublín, Cracovia, Montpellier, Boloña, Gante, máis que centros de estudo foron estados maores nas xénesis das loitas liberadoras. Coimbra salvou a concencia portuguesa; Praga, a Praga de Kramar, de Rezek, de Kaiz, os profesores i-estudantes checos traballando na revista *Nase Doba*, sinalan o vieiro da sua independenza e posibilitan a formación do estado checoeslovaco.

Pra mín a Universidade non pode ser en maneira algunha non xa oficiña eispendedora de tíduos profesionaes, nin siquera serie de aulas, simplemente, nas que se eispriquen estas ou aquelas discipriñas; a Universidade pra mín é a reitoralía que eistructura unha cultura, que ergue e refai a un pobo e o posibilita pra unha empresa civilizadora. Por eso pra mín non se engrandece con meia ducea máis de profesores intelixentes, e moito menos pintánda de novo: o arbre universitario frolez en primaveira inmorredoira cando as suas raíces están atugadas no solar, ben fondas, e as suas follas latexan no ar dos catro ourizontes zugando xugos de auténtica universalidade.

Cismemos na nosa Universidade, incerta, duvidosa, desou-

rientada, sin pran seriamente meditado de restauración, aberta ainda aos profesores de vai e ven que chegan cobizosos de marchas, que toman posesión soñando no traslado, que caen eiquí coma en país de desterro; órgao da cultura castelán, e non prantel e viveiro da cultura galega coma diz noso filósofo Eloi Lois André cando, en carpidos por onde parez que se lle vai sair a ialma, acúsaa de estar divorciada cos ideaes prenamente novos de Galiza; a Universidade que ainda non puido alcontrar seu verdadeiro camiño, que é o de continuar nosa cultura, de estudar nosos probremas, de fortalecer a concencia coleitiva da nosa xuventude, de categorizar i-espandir nosa lingoa, e de acometer esta tarefa en visión conxunta, fonda, total, certa no seu prio roteiro, con propias ideas e non agrilloada na masa espesa da «Gaceta de Madrid».

É inútil que a pintedes de novo, e lle fagades unha residencia, e lle instaledes bibliotecas e laboratorios. Unha boa biblioteka pode habela nun casino de provinza, un descubrimento centffico pode faguerse nunha botica de vila. Eso non é a Universidade; eso non pode ser a Universidade galega. Ela terá unha categoría centffica o día que poida ourientar a vida galega, faguer a cultura galega, pôr a ialma galega, dende estas aulas, en fala e colaboración co-a inteleitualidade de todo o mundo. Ten de salvar a lingoa do esquecemento inmerecido, procurar as fontes das forzas nacionaes, faguer unha cultura nova basada na tradición i-enriquecida na esprenca, ser eixe e centro de gravidade de total-as escolas galegas, salvarse do monopolio cultural do Estado, qu-estes son os grandes probremas que prantearon os apostólicos fundadores de Gujerat.

Ao meu ver o problema é tan fondo que costitue a columna vertebral, a médula, o cerne do gran problema de Europa. As universidades fixeron os novos pobos da Europa do noso tempo; foi a Universidade hispánica vixía e caudilaxe na xesta costituente: ela trouxo a república i-ela é oxe en xustiza a única que pode pedirlle contas de non ter acometido xa a revisión do ensino e a sua modernización. Sin paixón, sereamente, eu pergúntovos si a nosa escola se dá conta da mañitude desta hora. Os catalans aproveitáronna pra catalanizarse chamando ao seu craustro a homes de merecemento indiscutibre coma Pompeu Fabra; a Universidade de Madrid remata axiña a sua nova ista-

lación e chama a sí a valores novos do prestixio do Dr. Marañón; Andalucía procura seus propios camiños e orgaíza un gran centro de estudos arábigos en Granada e un Istituto de estudos hebraicos en Córdoba. E nós? Queimouse pra sempre e ninguén sabe por qué, aquel gran proeiro de tragner eiquí ao insiñe astrónomo Aller, que estaba disposto a vir gratuitamente aportando a este casal seu estupendo istrumental e a sua escolleita biblioteca; ninguén pensa en remozar os craustros incorporándolles valores novos, do país; naide fala de orgaizar permanentemente o ensino da historia, do arte, do idioma, da literatura galega, e penso que hai de abondo elementos económicos pra faguelo; gástanse milleiros de pesetas en pubricar obras portuguesas, coñocidas de calquera estudoso, e continúa inédito o nomeado tumbo A e tantos e tantos manuscritos e libros vellos imprescindibles pra a nosa historia. Deportes, teatro novo, corales, prácticas pedagóxicas... eso fica á iniciativa dos estudantes.

Seríamos treidores ao noso país, desmentiríamos nosa limpa historia académica, si non-os preocupásemos desta visión esmagadora. Nosa Universidade renóvase por habitacións, i-esto non é posibre: percísase remozala dende os pés. Esí ollamos unha facultade de Cencias onde se traballa da mañán á noite e a carón dela unha facultade de Farmacia onde se arela botar fora ao Seminario de Estudos Galegos alegando a fermosura do salón artesonado, namentras a belísima capela está adicada a trasteira; alegando falla de locaes, namentras aínda fica valdeiro o enorme antigo anfiteatro anatómico. Ollamos unha facultade de Letras que se repinta e decora, e rente dela a biblioteca xeral que non ten anaqueis pra os libros; coma se pagan milleiros de pesetas a profesores eistranxeiros, algúns deles vidos pra non dicer nada novo, e aos mestres galegos que eiquí fixeron cursillos de máis dun mes, co-as aulas cheas, apenas se lles retribuíu pra pagar a pousada.

Nosa Universidade está en crisis, veleiquí o gran problema; os estudantes a teñen de erguer, esta é a tesis. A realidade amostra en xeral que nada pode agardarse de profesores alleos, que, salvas eisceicións honrosísimas de mestres benqueridos xa vinculados a nós, chegan no Castromil da mañán matinando pedir o traslado pol-o correo da serán.

¿E os estudantes están atentos, avizor, nesta hora dramá-

tica e decisiva? Sí, pro envoltos nun pesimismo tráxico, e temos de poñelos en pé pra que avanten pol-os propios vieiros, inquietantes de arelas e cobizosos de metas.

Amigos, temos de ir máis alá do ambiente serodio das pándegas vilegas, do cheiro abafante dos cafés, da esmagadora pesadumbre da realidade aitual. Temos de pornos fora das áreas mirradas dos partidismos, acugulando nosos espritos de distanzas, enchendo os nosos ollos de ourizontes, dándolle ao corazón as trinteduas direccións dos ventos. Maxinando na nosa responsabilidade e nas nosas posibilidás, voltar ollos atrás procurando as fontes sempre virxens da raza, e cismar no subprime pensamento de Gooch: non somos os fillos de onte, somos os herdeiros de todol-os séculos. E temos de ollar pra endiante entrevendo o novo mundo que está a vir, adiantando os tempos ensoñados de liberdade e de paz, de traballo e virtude, tempos nos que ningún home poida morrer de fame, ningunha cultura poida aifisiarse por falla de ensinós, ningunha raza poida sucumbir na escravitude, ningunha nazón poida ser asoballada, que coma dixo moi ben Pau Vila «procamando o dereito imprescindible dos pobos a dispoñer de sí mesmos, trabállase pol-a paz universal». Certos de que nas nosas mans a loita preñou unha vitoria, escoitará a voz dorida e magoada dos coitados que piden pan, dos pobos que piden liberdade, das culturas que piden eispansión, das língoas que piden diálogo. Temos de ouvir a voz da Terra que chama por nós, a voz salaiante de máis de tres millóns de galegos que na nosa veira lembran o prego indú redito en Xinebra pol-o prof. Kalidas Nag: leváinos da ilusión á realidade, das tebras á luz, da morte á inmortalidade.

Nosas mocedades teñen de sentirse fondamente nazonalistas e limpamente internazonalistas pra acometer a gran tarefa de restaurar a Galiza doutroa, soberán dos seus destiños, xogando na órbita de todol-os pobos, luceiro con luz propia na constelación de total-as patrias, rexos na sentenza de Oscar Haleki de que «o ben de cada nazón é idéntico ao ben da humanidade», procamando noso dereito indiscutible á vida sustentado naquelas nobres verbas de Gino Ferreti: vívese de liberdade, de esprenca persoal e de autonomfa. Lonxe das aituas fórmulas administrativas e legalistas, labourar por

unha Galiza eficiente, útil ao mundo; cobizar a patria ceibe e inmortal pra nela conquistar a felicidade dos milleiros de homes que eiquí tiveron a sorte de nacer e contribuir ao ben da humanidade entr-os lindeiros que trinta séculos de historia perfilaron na nosa xeografía.

Fracasaron os vellos no mundo: eles van a remolque da tradición das suas propias vidas, eles educáronnos nun falso patrioteirismo que nos levóu a total-as derrotas; son eles, co-as suas políticas e as suas diplomacias, os que manteñen ainda a gran fogueira de Europa, o gran volcán a estoupar unha mañán calquera. Son as xúventudes as que se procuran de fronteira a fronteira, pra apertarse fraternalmente. Cos ollos nelas veño chamarvos a vós, estudantes de Compostela, pra que co-as vosas mans ergades a Galiza tan outa e tan limpa e tan venturosa, que o mundo todo a vexa como un eisempro alboreal.

Pranteada esta arela de xuntar aos mozos galegos pra esta insiñe empresa vexamos en qué condicións estamos pra acometela.

Ainda que decilo entristeza, percísase confesar que os galegos non coñecemos o noso país. Desta falla de visión do noso paisaxe, da nosa historia, da nosa xeografía, nascen dous dos nosos pecados capitaes: un por defeito e outro por eisesco; no primeiro caen aqueles que non poden sentir a Galiza na sua totalidade, na sua diversidade, na sua integridade nazonal; no segundo aqueles outros que, porque soio nunha pequena parte a coñecen (pequena en espazo e pequena no tempo), a sinten dunha maneira miúda e localista. Sinten a Galiza a través dunha vila ou cidade determinada; si pra eles desaparecera a sua cidade ou vila nadal, ou fose incorporada a outro estado difrente, difícilmente seguirían sentindo a concencia da sua nazonalidade. Compre aspirar a que o rapaz galego, independentemente de que houbese nacido en Ourense ou en Corcubión, sítase rexamente galego en calesqueira das terras do noso ámbito, e sentíndose medular, entrañabrementemente galego, consciente do que a sua patria fixo na historia do mundo, no desenrolo da civilización, do que debe e do que se lle debe, sinta a natural solidaridade humán cos homes de calquer outro país do mundo.

Primeiramente percísase estudar a laboura feita pol-os ga-

legos no decorrer dos séculos. Estudando as nosas características dende os abrentes da civilización, vese que os nosos feitos diferenciaes non son ensoño centifista de tal ou coal mestre, sinón, ampriados no tempo, a resultante percisa das relacións entre o home e o meio, que fan un carácter independentemente do noso desexo e da nosa vountade; estudando a siñificación de Compostela na Europa do meioevo, véñse nosos entronques cos homes e as culturas a primeira ollada máis dispares á nosa. É a Historia aituando na formación da concencia nazonal e contribuíndo a encher o ideal de solidariedade humán.

Xa o rapaz enrolado na tradición do seu país, ten de capacitarse na vida estudando unha por unha o que poidéramos chamar as células vitas da nosa orgaización. Compre reaccionar contra aquela educación pseudo-especialista de abogados que endexamáis viran un museu de arte, de licenciados en Filosofía que endexamáis estiveran nun hospital, de médecos sin idea do funcionamento dunha casa bancaria, de técnicos da industria incapaces de traballar soios nunha biblioteca. Compre que os nosos rapaces vexan, doitamente dirixidos, escolas, frábicas, minas, talleres, bancos, crónicas, museus, laboratorios, hospitaes, sociedades obreiras, etc.; o día de mañán si son chamados ao goberno, si teñen de sentir por riba de sí a responsabilidade dunha dirección, estarán documentados persoalmente e saberán das nosas angueiras, das nosas preocupacións e das nosas necesidás.

Ao propio tempo nosa mocidade ten de porse na emozón dos ourizontes patrios. Na bisbarra compostelán, lembrade cantos milleiros e milleiros de rapaces remataron eiquí os seus estudos sin debruzarse unha vez na lírica ría noiosa prena de embruxos e meiguices, cantos sin rubir ao Pedroso a ollar a ampritude das terras xacobeas, cantos sin escalar o Pico Sagro a escoitar a salmodia de oito séculos de pelerinaxes que trouxeron aos nosos abós as máis finas aportacións civilizadoras, cantos sin correr as polícromas e sempre verdecentes terras da Mafa, sin tremer de saudade nos longos ermos pondalianos do Xallas, sin enfiar o val litúrxico de Padrón, sin recollerse un intre entr-as catro paredes onde Rosalía choróu seu derradeiro salaio. Parafraseando un dito de Marx —a vida determina a consciencia— poidéramos dicer: a xeografía determina a histo-

ria; esta historia que nós estamos a continuar nun pulo novo e xurdio. Por outra, ao par que se consegue pôr ao rapaz en contacto co-a natureza, coma ordeóu o gran mestre Brizio Casciola, fortalécense os músculos no eiseercicio, endurecese o corpo no ar montesío, dásele aos ollos o senso cósmico da paisaxe e aos ouvidos o concerto inmortal da campía, e afáiseos nas costumes e no xeito dos nosos mariñeiros e dos nosos labregos. Recóllese a gran leición do agro: leición de folklore i-etnografía, leición de traballo e de sufrimento. Que na cidade ou na vila non sexa posibre unha gargallada estúpida nin unha sorpresa insensibre cando por elas entre o coitado montanés vestido ao seu xeito, sexa o que for, é dono das suas maneiras, foran as que sexan, porque por enriba de calquer efecto que produza en nós latexará a impresión que recollimos unha e outra serán da probeza con que vive, das angurias que pasa, probezas e angurias que por vistas nos feriron e nas que deixamos, xa que outra cousa non puidemos faguer, o consolo do noso fervor e a ledicia da nosa xuventude. Percorramos os camiños aldeáns co rechouchío dunha cantiga educando noso senso estético nas propias artes, contribuíndo á salvación do noso tesouro lírico, procurando deixar na cativeza dos fogares —por onde soio foron señoritos a pedir— a certeza de que xa teñen unha mocidade cobizosa de sexar unha bágoa e de acender o lume dunha espranza.

Esta obra de educación na que tanto se atende á formación do esprito como ao fortalecemento do corpo, é a que se fai oxe por ehí endiante en total-as nacións cultas, dende Rusia e Italia cos seus *Novos Eisproradores* e os seus *Balilas*, hastra Inglaterra e Checoslovakia cos seus *Boys Scous* e seus *Sokols*. Con todo, pra mín a nazón onde millores eisemprios poderíamos tomar é Alemaña.

En Alemaña comenza este movemento xuvenil (despóis dos *Eisproradores*, a *Asociación Cristián de Xóvenes* e os *Burchenschaften*, en realidade orgaizacións de tendenza partidista) cos *Wandervogel*, tan ben descritos por Brossmer; aquel fato de rapaces do bairro berlinés de Steglitz que, de pantalón curto, meío espidos, saían na mañanciña, ao fío do abrente, a choutar pol-a campía e a brincar ledamente enchendo os folgos de ar limpo e san e a imaxinación de visións de paisaxe que xa

non poderían esquecer endexamáis. Nos primeiros tempos aquelas eiscursións eran cativas e faguíanse desafiando a bulra dos bons burgueses, solemnes e apacibres, que rían do que eles chamaban unha tolería máis; despois, as eiscursións chegaron a faguerse a Holanda, Austria, Suiza e Dinamarca e xa contaban co respecto unánime das xentes. Non tiña de ser menos: seu lema fundamental era o apego afervoadado ao chan nativo, sua primeira preocupación a restauración das vellas costumes, seu maor inqueda o conocimiento da historia nazonal, seu procedimento educador a íntegra comprensión das costumes e artes dos connazonales.

Logo ven a gran concentración de 1913 nas montanas de Cassel. As autoridades pedían á xuventude que conmemorase a grande batalla de Leipzig e, coma resposta, máis de un milleiro de mozos xúntase pra acender unha boa fogueira, prenamente simbólica, en redor da que cantan vellas cancións xermánicas: cancións de paz e de amor, cancións de limpa fraternidade, cancións que son unha protesta a tanta consagración de mortandade. Aquel milleiro de rapaces multipricouse en tal maneira que, vede os resultados: no 1927 figuraban nas orgaizacións xuvenís perto de CATRO MILLONS DOUSCENTOS MIL mozos. Supón o corenta por cento da mocidade da Alemaña dende os 14 aos 21 anos. E dentón a cifra continúa en aumento.

Pois ben; a laboura feita por estas asociacións de mozos é tan forte e de tal trascendencia que adequiriu un nome e unha catogoría: a *Jugendkultur*, *aportacións dos mozos ao progreso cultural da raza*. Eles foron os que impuxeron o canon ás novas reformas pedagóxicas, eles representan o primeiro papel no renacemento das artes indíxenas, eles romperon co-aquela tradición seudo-alemana (imperio, en realidade Prusia, no fondo Berlín) pra continuar as auténticas tradicións nacionaes. Eles cobizaban unha vida leda, espiritual, fraterna, crebanda aquela traxedia que —como dí moi ben Beryl Parker— os obrigaba a traballar da mañán á noite nas frábricas e talleres, e os condeaba a saciar a sua sede de beleza nas comercializadas diversións nocturnas da cidade. E lonxe do barullo e da suciedade das cidades, botáronse camiño endiante, pol-os montes enriba, a ollar a neve nas cumes, a escoitar o balbordo dos regatos, a soñar baixo as ponlas dos vellos arbres que aínda gardaban entre as

suas follas as antigas i-heroicas lendas de outrora. Foron eles os que esmagaron pra sempre aquelas cursis eleganzas do dazanove pra impor definitivamente a subprime eleganza do popular.

Do Pirineu pra acá moito se ten feito en dous países: Vasconia e Cataluña; os vascos orgaizándose nos *Mendigochales*, os cataláns en *Palestra* e *Miñóns de Montana*.

Eu fun a un campamento de *Miñóns*, no setembro. Saímos de Barcelona un sábado de mañanciña; alá pol-as nove xa chegáramos a Aiguafreda d'Alt. Era un lugar co-a irexa, a reitoral e dous casales máis, na ladeira dunha outa montana. Armámol-as tendas e perparamos o xantar. A serán pasouse a xogar, a estudar a paisaxe, a recoller mostras de minerais e prantas, a respirar ceibes do ambiente da urbe. No solpor chegaron algúns amigos: Mn. Trens, Pau e Rossend Riera, o prof. Colominas do Istitut de Estudis Cataláns, o ilustre orfebre Sunyer e outros máis. Debullamos a ceia feita pol-os propios rapaces e logo, denantes de deitarnos, fixemos o que eles chaman fogo de irmandade: unha enorme fogueira rente da que cantamos centos de copras populares as máis delas cativantes. No día seguinte recibimos máis visitas, entr-elas a do seor bispo de Vich, que tivo pra os miñóns —coma noutras visitas semellantes Maciá, o cardeal Vidal e Barraquer, e outros prestixios da catalanidade— as máis afervoadas gabanzas. De noite voltamos a Barcelona, co-as nosas tendas e impedimenta a costas, ledos coma si chegásemos dunha foliada.

Aos *Palestra* estudiéinos na sua casa social: boa biblioteca, confrencias, laboratorios fotográficos, equipos de aviación, de remo, de fútbol, de alpinismo, de yate, etc. Un gran home os dirixe —meu bó amigo Batista i Roca— e na sua frente están os máis categorizados e xurdios mestres do catalanismo.

Co pensamento nestas orgaizacións fundéi os agrupamentos ULTREYA (máis alá) nados o dazanove de febreiro do anc que pasóu e que agora contan xa con máis de mil catrocentos rapaces dos 14 aos 24 anos.

ULTREYA está dirixido por un consello de once membros. Orgaízase en Liñas, composta cada unha de dez Dúceas; cada *Liña* está rexida por un Maor e cada *Dúcea* por un Guieiro. Mantén seu ideario no seguinte decálogo:

- I. Porque amo a Galiza con toda a miña ialma, adica-reille os meus millores esforzos pra tornala eternamente feliz.
- II. Porque a vida está encheita de mágoas, miña mocidade será unha leda canzón que ha erguer o espírito de todol-os coitados.
- III. Porque estou afincado ao chan nativo e endexamáis hei crebar as ligazóns co-a miña xente, manteréi sempre aceso o fogo do meu lar.
- IV. Porque penso no que fun, no que son e no que teño de ser, respetaréi aos vellos e pequenos e defende-reinos de todo aldraxe e sufrimento.
- V. Porque quero a eficacia da miña laboura, axudarái os nobres desexos dos meus compañeiros como quixera que me axudasen a mín na arela dos meus limpos ensoños.
- VI. Porque teño de sere home útil á miña Terra, cumpriréi total-as miñas obrigas pra ire faguendo a miña historia de cidadán eisemprar.
- VII. Porque quero limpar a miña axuda de erros, educaréi meu espírito no estudo e no traballo.
- VIII. Porque teño de sere rexo na axuda aos meus irmáns, fortaleceréi meu corpo na craridade das augas e no ar das montanas.
- IX. Porque soño un porvir de verdadeira fraternidade, faréi por que rente de mín se xunten todol-os rapaces galegos pra que o día de mañán non nos afasten pre-xuizos de caste.
- X. Porque quero unha Galiza enteiramente galega en convivio con total-as razas, en fala con total-as culturas, abriréi meu peito a todol-os homes de boa vontade e reita intenzón.

Nosa orgaización, allea como vedes a todo partido político, procura en primeiro termo o conocimiento do noso país. Esto conquerímolos por tres procedimentos:

a) En visitas doitamente dirixidas, orgaizadas pol-o guieiro de cada Dúcea, a laboratorios, frábricas, museus, bibriotecas, crónicas, monumentos, etc., da localidade.

b) En eiscursións pol-os arredores, orgaizadas pol-o maor de cada Liña, nas que, ao par que se fai eisercicio físico, óllanse paisaxes, estúdanse costumes, artes populares, etc. Merez destacarse, entre outras moitas que se fixeron, a feita pol-os composteláns a Padrón onde coincidiron cos de Noia, Vilagarcía e Pontevedra, nun total de máis de douscentos rapaces. Elí, no casal onde morréu Rosalía, unhas delegacións de estudantes cataláns regaláronnos en nome de Palestra as bandeiras de Cataluña e de San Xurxo.

c) En xeiras, orgaizadas pol-o consello, nas que conviven rapaces de difrentes terras; nestas xeiras ao par que se estuda o ambiente adoitríñase a intelixencia na propia cultura. Nelas fanse eispricacións, e cada asistente leva o xornal onde vai anotando as suas impresións. Duas levamos feitas. A primeira, dunha semán, na Misión Biolóxica de Galiza; están publicados os xornaes e neles pode ollarse nosa laboura. A segunda consistíu nun cruceiro navegando 15 días pol-as rías baixas; a ela asistiron comigo os profesores I. Parga Pondal e Martínez López e do que fixemos daránvos idea os nosos xornaes que axiña teñen de ire á empresa.

No aspecto literario orgaizamos confrencias, prácticas de lectura i-escritura en galego, concursos de contos e resúmens bibliográficos, e temos na rua duas coleccións de libriños de venda popular: a serie OS NOSOS, onde xa vai publicada a biografía de Méndez Núñez i-están a sair as de Rosalía e Pondal, e a serie PATRIA onde vai publicada unha escolma de poemas e cántigas —«Os Nosos Cantos»— da que xa se esgotaron dous milleiros de eisemprares. Tamén publicamos dous milleiros de postaes co mapa das sete nacións celtas.

Quero lembrarme, noutras aitividás, dos Ultreyas de Pontevedra orgaizando a biblioteca LOUSADA DIEGUEZ, dos de Vigo que orgaizaron a de MARTÍN CODAX, e dos de Tuy que están a faguer unha colección de haxádegos de prehistoria.

Mais esto non é todo. Deiquí a ben pouco as Dúceas de Redondela e a Liña de Pontevedra sairán pol-as aldeias a faguer teatro pra o pobo, pequenas e sinxelas pezas dramáticas de acusada tendencia patriótica. Ao par desto temos en orgaización unha eisposición de arte novo (xa orgaizamos con éisito imenso en Pontevedra a de noso irmán o xenial artista Granell)

e unha xeira docente pra o vran, posta baixo a rexencia do Seminario de Estudos Galegos, na que se eispricarán detidamente leicións de historia, xeografía, língoa, literatura, arte e arqueoloxía galegas.

Distínguenos un triskele bermello que vai sempre sobre noso peito i-en cada unha das nosas bandeiras; un triskele que non ten cheiro como algún quixo supor, da svástica hitleriana: é a eispresión do home correndo tal coal aparece nas nosas insculturas da prehistoria i-esí foi recollido nos seus estudos pol-o prof. R. Sobrino. Quer dicer dinamismo, marcha, avance, procura do noso ideal de máis alá. Un triskele que por outra parez recoller os tres temas fundamentais de noso orgullo de cidadáns galegos: fogar, raza e língoa.

Nosa Terra, o sagrado onde repousan nosos mortos, o chan dos nosos lares, a área onde se desenrola a nosa teoría de historia, este recanto un tempo acugulado de grandezas e logo esborrallado por mans impías que, pol-o noso esforzo, cobizamos restaurar na súa integridade nazonal.

Nosa raza, noso pobo aituando no decorrer dos tempos, acusando sempre seu perfil inconfundible, remarcando seu feito diferencial, faguendo unha cultura inmorredoira, labourando con propia persoalidade na eistructuración da civilización de oicidente.

E nosa língoa, esta língoa prócer que un tempo percorréu señora todol-os ámbitos da penínsua, na que tantos insiñes monumentos se escribiron, a espiña dorsal da nosa vida colectiva, esta língoa que nos pon en fala con máis de cincoenta millóns de homes, que falan máis das nove décimas partes dos nosos irmáns, e que non podemos deixar que se perda porque non é nosa: foi dos nosos pais e temos de legala como sagro depósito aos nosos fillos.

Fogar, raza e língoa que costitúen a nosa persoalidade, que forman noso ser, que son nosa carne e noso espírito, que nos atan a deberes e dereitos inalienabres e que agora nos da a xustiza de poder pregoar aos catro ventos aquela demanda de Bulow: non queremos pôr a ninguén nas somas, pro eisixiños un posto ao sol.

Esto somos, esto cobizamos, pra esto vos chamo. En vos está o espírito universitario deste pazo que tendes de encher

todo él de voso espírito, de voso espírito galego —galego hastra o derradeiro salaio— de voso espírito que ten de aletexar sempre aceso por todas estas aulas si non queredes questa vella e amada escola de onte se desfaga pra sempre.

Alá pol-o 1810, Fitch, nas suas famosas programas á nazón alemana, chamaba á xuventude pra refaguer a ruína que o imperialismo napoleónico devastara. Eu chámovos a vos, mozos da miña raza, xentes do meu sangue, irmáns na miña patria. Nesta hora en que Galiza anda de mans en mans coma cousa de tenda, nós os universitarios, nós os profesores i-estudantes, temos de dar a gran leición de diñidade. Chamemos aos nosos mortos e coma Goete xa non nos poderemos desfaguer deles, i-eles, hérois sin guerras, caudillos sin tropas, levaránnos nas suas fronte de soma pol-os limpos roteiros. Pensai, irmáns, que a mocidade nos fai xa árbitros nos destiños do noso pobo e temos de faguer esa Galiza cobizada aonde cheguen xentes de total-as terras e pra todas teñamos aberto noso corazón, esa Galiza útil ao mundo, prenamente eficaz. Veñan eiquí coma noutrora xentes de todol-os estados, fálese eiquí línguas de total-as latitudes: pra todos a nosa fraternidade. Mais pra os que veñan a inxuriarnos, pra os que chegan como a terra de conquista, pra os incapaces que soio ensinan a sua atordoada leición de aldraxes, pra os galegos que treicionan a patria e sirven a aqueles que nos repudian i-escravizan, pra eses loita fera e sin acougo, que hai algo que non se pode pôr en disputa: a honra; que non se pode pôr en litixio: a civilidade; que non se pode pôr en perigo: a libertade; que non se pode pôr en venda: a historia. Nestes intres de incertezas e de dúvidas, nesta noite pecha de medos e de incertidumes, os universitarios de Compostela, xuntos todos, afastados dos partidismos e das políticas, demos dende esta acrópolis venerable o noso berro salvador i-espranzado:

Galiza somos nós.


EI, TERRA!

Esta edición facsimil do discurso pronunciado no Paraninfo
da Universidade de Santiago de Compostela
o 9 de marzo de 1933, fíxose
co gallo da homenaxe a Álvaro das Casas
celebrada
o 8 de marzo de 2003,
Día da Muller Traballadora,
no Pazo dos Ulloa no que morou.

Subvencionan:



Editan:



Fundación Premios da Crítica Galicia

